


**CEE A
BARCIA**

**PLAN DE
IGUALDADE**



CURSO 2019-20



INDICE

1. Introducción
2. Descripción do centro educativo.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade.
4. Obxectivos.
 - a. Obxectivos xerais.
 - b. Obxectivos específicos.
5. Medidas concretas de actuación nos diferentes ámbitos:
 - a. Organización do centro
 - b. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores
 - c. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - d. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
 - e. Promoción do respecto pola diversidade sexual e a prevención da LGBTfobia
6. Metodoloxía.
7. Avaliación e seguimento do Plan de Igualdade.
8. Contextualización normativa:
 - Normativa estatal
 - Normativa autonómica.
 - Referencias bibliográficas

*A Constitución Española (1978) no seu artigo 14 di:
“Os españois son iguais ante a Lei, sen que prevaleza discriminación algunha par razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou cualquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.*

1) INTRODUCCIÓN:

Seguindo a Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborase o **PLAN DE IGUALDADE** do CEE A BARCIA

O **Plan de Igualdade (Plan Coeducativo)**, é o documento onde o noso centro recolle as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre homes e mulleres e para sensibilizar, previr e intervir fronte a violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTfobia (término, que alude ao rexeito ao colectivo de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais)

O **PLAN DE IGUALDADE** elaborado, formara parte do Proxecto Educativo do Centro, e desenvolverase anualmente no marco da PXA.

Como plan de centro, a súa elaboración é responsabilidade do Equipo Directivo.

No noso caso, formase un grupo de traballo integrado por:

- Directora/ Orientadora
- Xefa de estudos
- Secretaría
- responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres dentro do Consello Escolar (10/12/2018)

Este Plan de Igualdade elaborouse tendo en conta os seguintes principios:

Valores democráticos: igualdade, liberdade e xustiza, garantindo a defensa dos dereitos humanos

Transversalidade: a igualdade non é un concepto illado, se non que impregnará todo o Proxecto Educativo de Centro.

Inclusión: A nosa perspectiva de xénero permitirá erradicar toda situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

Igualdade de oportunidades: Contribuiremos á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

Visibilidade: O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes mais alá do xénero.

2) DESCRICIÓN DO CENTRO EDUCATIVO.

No CEE A Barcia escolarízanse alumnos/as de entre 3 a 21 anos cunhas características moi específicas.

Tódolos alumnos do Centro presentan NEAE por diferentes causas. No actual curso 2019-2020 están escolarizados 42 alumnos/as que na súa totalidade presentan necesidades asociadas a deficiencia mental e/ou plurideficiencias, déficits xeneralizados en tódalas áreas, con dificultades a nivel neuromotor e neurossensorial, con un baixo nivel de comprensión, baixa autonomía e problemas de mobilidade. O centro oferta réxime de internado de luns a venres para aquel alumnado que o precise.

Gran parte do noso alumnado precisa da utilización de **Sistemas Alternativos e/ou Aumentativos da Comunicación**.

Moitos carecen de autonomía para as habilidades da vida diaria (control de esfínteres, alimentación, hixiene...)



Existe un pequeno grupo de alumnado con **problemas de conduta**. (grupo minoritario en comparación con outros cursos) .

3) ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE.

No CEE A Barcia a temática da igualdade non é novidosa:

- Uso de linguaxe non sexista nos documentos oficiais do centro e nos recursos elaborados/adaptados para o noso alumnado.
- Responsable en materia de igualdade entre homes e mulleres dentro do Consello Escolar.
- Conmemoracións a nivel de centro e niveis de:
 - **25 de novembro:** DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.
 - **8 de marzo:** DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

- Implicación do DO a través de elaboración de materiais e promovendo charlas en prol dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado (orientadora, Asociación AMINO Galicia, Asociación Dadaleira, Fundación Carmen Pardo Valcarcel...)
- PFPP centrado na Educación Emocional e participación no Programa Educación Responsable da Fundación Botín.
- Implicación da Biblioteca do centro adquirindo recursos que fomenten a coeducación.
- Análise da realidade a través do Programa Prensa-Escola.
- Existe unha igualdade en canto ó uso dos espazos e realización de actividades entre os nenos e as nenas.
- As mulleres son o grupo maioritario en tódolos sectores da nosa comunidade educativa.
- O Equipo Directivo está formado por 3 mulleres.



Ademais debemos destacar os seguintes puntos da nosa realidade educativa:

- Non contamos con datos da existencia doutros colectivos: transexuais, gais, lesbianas, bisexuais, andróxinos ...
- A maioría do noso alumnado no recreo e no tempo de lecer precisa a presenza dos/das mestres/as ou educadores/as que propoña xogos, os/as axu-

- de ou os/as dirixa na realización dos mesmos. Polo que a participación do alumnado non atende a razóns de sexo.
- A presenza de alumnado con alteracións conductuais altera a convivencia no centro. As condutas contrarias á convivencia nunca estiveron asociadas a estereotipos sexistas ou discriminatorias por razón de xénero.
 - Os criterios para formar aulas responden ao grao de discapacidade, capacidades similares, grupo máis homoxéneos, ubicación (nenos/as en cadeira de rodas en primeira planta, etc.)... non consideramos un criterio funcional no noso centro a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas. De igual xeito sucede coa distribución do alumnado no comedor.
 - A porcentaxe de homes e mulleres nos diferentes sectores é independente ao centro educativo (xa que ao ser unha institución pública os traballadores e traballadoras son designados pola Administración).
 - A escolarización dun/dunha alumno/a nun CEE é autorizada pola Xefatura Territorial a través do ditame de escolarización, polo que non temos potestade para regular a paridade entre o número de alumnos/as matriculados/as.
 - No noso centro as ausencias prolongadas no tempo están xustificadas por motivos médicos (non tivemos ningún caso de absentismo escolar asociado a outra condición)

Partindo do exposto, analizouse a convivencia do noso centro a través da análise DAFO

| FACTORES INTERNOS | FACTORES EXTERNOS |
|---|---|
| <p>DEBILIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escasos recursos para traballar co noso alumnado esta temática. • A realidade diaria do noso alumnado (NEE) • Falta de tempo para a elaboración de materiais. | <p>AMEAZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Nivel sociocultural dalgunhas familias ▪ Ideas preconcebidas sobre o noso alumnado. ▪ Escasa implicación dalgunhas familias no proceso educativo. |
| <p>FORTALEZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Gran sensibilización da comunidade educativa. ▪ Claustro motivado e innovador. ▪ Cultura de traballo en materia de Educación Emocional ▪ Experiencias positivas no centro ao longo dos anos | <p>OPORTUNIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación en diferentes programas (Club de letras, Club de lectura). ▪ Coordinación con diferentes institucións públicas e privadas. |

Tomando como referencia esta análise, establecemos os seguintes obxectivos:

4) OBXECTIVOS

A) OBXECTIVOS XERAIS:

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na práctica docente.
- Educar en Igualdade afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminación por razóns de sexo ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home nun entorno e sociedade igualitarios.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Velar por transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non sexista
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Actuar ante as situacións de acoso e violencia de xénero.

b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva en tódolos documentos do centro tanto a nivel interno como externo.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva nas relacións do día a día.
- Substituír estereotipos por imaxes reais nos que homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia da correspondabilidade.
- Fomentar o uso de materiais adaptados (fichas carteis, folletos, contos, ...) que non conteñan linguaxe, imaxes sexistas.
- Eliminar roles ou ideas preconcebidas de carácter sexista.
- Fomentar un ocio non sexista.
- Fomentar unha convivencia en base ao respecto e o diálogo.
- Traballar na prevención de situacións de violencia.

5) MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS DIFERENTES ÁMBITOS:

a) Organización do centro

- Inclusión de forma explícita da perspectiva de xénero, identidade e diversidade afectivo- sexual nos documentos do centro.
- Revisión da linguaxe nos documentos e comunicacións de centro tanto externas como internas.
- Elaboración de cuestionarios, enquisas e/ou recompilación de datos que completen a avaliación de diagnose.
- Nomeamento de persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Difusión do plan de igualdade entre a comunidade educativa (reunións, cartelería, notas informativas, blog, WEB do centro, etc.)
- Promoción da formación en materia de igualdade para o persoal do centro (docente e non docente).
- Conmemoración con actividades significativas das datas coeducativas do calendario escolar.
- Participación no programa de innovación educativa “Club de Letras” que este curso ten como tema “A Igualdade”

a) Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores:

- Inclusión no desenvolvemento do currículo da visibilización de referentes non estereotipados (programacións, actividades de aula, etc.).
- Fomentar a autonomía persoal do alumnado a nivel do fogar, escola e sociedade, de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades e estereotipos.
- Desenvolvemento de actividades en colaboración cos distintos equipos do centro de actividades que leven a eliminación de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades e accións educativas encamiñadas ao pensamento crítico sobre os estereotipos (murais, concursos, exposicións de libros, power point, fichas,...)
- Selección de materiais bibliográficos tanto para as aulas como para a Biblioteca que fomenten valores de igualdade e o respecto á identidade de xénero e á diversidade afectivo-sexual.
- Inclusión no Proxecto Lector de contos / libros e autores/as que fomenten a igualdade e a non violencia.

a) Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promoción do uso igualitario dos espazos ofertando alternativas de lecer variadas e coeducativas
- Atención prioritaria ás lecturas coeducativas na Biblioteca Escolar.

a) Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promoción da interrelación entre alumnos e alumnas baseada no respecto á diferenza.
- Promover a igualdade, a cooperación, o respecto mutuo e as responsabilidades compartidas entre homes e mulleres
- Visualización do uso da linguaxe inclusiva.
- Erradicación tallante de comentarios, chistes ou burlas machistas ou homófobas que estean u non dirixidas a persoas LGBTI mellorando o clima de convivencia.
- Fomento das actividades emocionais como forma de diminuír os conflitos.

e) Promoción do respecto pola diversidade sexual e a prevención da LGBTfobia

- Creación e adaptación de contos (lectura fácil, luz negra, sensoriais, pictogramas Arassac) libres de estereotipos e roles de sexo e sen prexuízos pola diversidade sexual.
- Fomentar actitudes de normalidade e respecto.
- Fomentar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro dende o Departamento de Orientación.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía de traballo empregada no centro, parte dun enfoque globalizador e trabállase a maioría das veces por proxectos.

Usaremos unha metodoloxía activa, baseada na experiencia e interacción entre o alumnado.

Dende as titorías e os diferentes equipos do centro (EDLG, DO, TICs, SAAC, Biblioteca,...) adáptanse as actividades ás diferentes capacidades do alumnado, elaborando actividades sinxelas, prácticas, lúdicas, colaborativas, sensoriais, sinxelas, participativas e gratificantes que sexan significativas para os nenos/as.

Os titores/as dos diferentes niveis traballan de forma coordinada, e sempre acaban implicando ao resto de niveis en proxectos e actividades a nivel de centro.

Os materiais empregados adáptanse ás características e necesidades do alumnado: pulsadores, teclados adaptados, simplificación de materiais, tradución de textos con pictogramas Arassac, actividades con luz negra, pantalla dixitais, tablets, materiais sensoriais,..

7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE IGUALDADE

A avaliación e seguimento, farase cada curso escolar por parte da Comisión de Convivencia do Consello Escolar coas aportacións das/doas distintos/as membros/a da Comunidade Educativa.

Coa avaliación preténdese determinar o grao de consecución dos obxectivos programados, do seu cumprimento o non, dependerá a súa modificación/ revisión.

| ACTIVIDADES POLO FOMENTO DA IGUALDADE. (Indicadores de logro) | | | | |
|--|------------------|----------------------|--|---|
| Actividades coeducativas | Resultado | Destinatarios | indicadores | Medios de verificación |
| Formación: Proxectos Cursos. Obradoiros Charlas | | | Nº de actividades | Entradas no blog, facturas, Ingresos económicos, titulacións. |
| Materiais e actividades didácticas. | | | Nº de participantes | Fotos, vídeos, entradas no blog. |
| Campaña de sensibilización | | | Persoas externas ou asociacións implicadas | Enquisas Folletos |
| Revisión dos materiais elaborados no centro. | | | | Revisión dos formularios do centro. Revisión dos materiais didácticos do centro. |
| Revisión da documentación e sinalización do centro. | | | Nº de documentos revisados. Espazos revisados | Copia dos documentos revisados |
| Recollida de información. | | | | Enquisas Análise de conclusións |
| Difusión do protocolo de identidade de xénero da Xunta . | | | | Blog. WEB |
| Difusión do Plan de Igualdade do centro. | | | | Blog. WEB Envío aos membros/as do Consello escolar |
| Portafolio ou memoria final. | | | | Recollida anual de accións significativas desenvoltas |

A avaliación positiva do **PLAN DE IGUALDADE** do CEE A Barcia velará por unha Comunidade Educativa que valore o respecto aos dereitos e liberdade fundamentais de todos/as os seu membros e onde non existan as discriminacións por razóns de xénero e fomente un clima de convivencia axeitado.

8.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA:

NORMATIVA ESTATAL

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das
- disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

REFERENCIAS BIBLIÓGRAFICAS

- [Materiais para a coeducación. Claves para a elaboración Plan de coeducación nun centro de ensino](#) [2019]. CIG-Ensino.
- [Orientaciones para el diseño y la implementación del Plan de Igualdad en los centros públicos](#) (2018). Gobierno de Canarias.
- [Educación para la igualdad de género. Un modelo de evaluación](#) (2018). Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud (FAD).
- [Educación en igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación](#) (2015). Colección Plurales. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
- [Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo](#) (2014). Universidade de Vigo
- [Guía para a xestión de proxectos coeducativos](#) (2009). Xunta de Galicia.
- [Orientaciones para los y las agentes de igualdad en los Consejos Escolares](#) (2009). Gobierno de Canarias.

**Informado o Claustro e o Consello Escolar en
Santiago a 12 de Decembro do 2019**